

# MEMORIA SOBRE A SITUACIÓN ECONÓMICA E SOCIAL



## GALICIA 2006

### *O CES-Galicia califica 2006 coma un ano positivo desde o punto de vista do crecemento económico*

O organismo consultivo lembra que persisten algúns desequilibrios territoriais

SANTIAGO

O ano 2006 pode considerarse coma un ano positivo para Galicia desde o punto de vista do crecemento económico: cun incremento do 4,1%, a economía galega foi unha das que máis medrou ese ano, xunto ás do País Vasco, Cantabria e Murcia. Este é unha das principais conclusións que se tiran da *Memoria sobre a situación económica e social de Galicia 2006* elaborada polo Consello Económico e Social (CES), que foi presentada hoxe en Santiago. Aprobado na súa última sesión plenaria, o traballo do organismo consultivo pon de manifesto tamén a persistencia do estancamento demográfico e o aumento dos desequilibrios territoriais entre o interior de Galicia e as zonas costeiras.

O presidente do CES, Pablo Egerique Martínez, explicou que esa evolución económica positiva foi consecuencia, en boa medida, do comportamento do sector industrial, que foi o de maior crecemento. Tamén salientou o crecemento do VEB xerado polo sector primario.

A Memoria do Consello recolle que o dinamismo da economía galega veu acompañada dunha moderación das tensións inflacionistas. Se en 2005 a taxa de variación interanual situouse no 3,7%, no ano 2006 este crecemento foi do 2,6%, unha décima por baixo da media española.

Outro dos aspectos positivos destacados foi que, entre os compoñentes da demanda interna, que é o motor de crecemento da economía galega, salienta a medra do investimento, cun 5,3%.

Egerique fixo tamén fincapé en que, por primeira vez dende o ano 2000, o saldo migratorio de Galicia co resto das comunidades autónomas foi positivo e destacou o comportamento positivo do mercado laboral galego, no que se incrementou tanto o número de afiliacións á Seguridade Social como o de persoas ocupadas e diminuíu non só a poboación parada estimada pola EPA senón tamén a rexistrada nas oficinas de emprego.

Un último aspecto positivo da análise socioeconómica do ano 2006 foi o elevado grao de execución do gasto do total do orzamento consolidado e dos investimentos reais.

#### *Algunhas sombras*

Aínda que as conclusións do organismo consultivo son positivas, poñen de manifesto tamén algunhas sombras. Dende o punto de vista demográfico, na comunidade galega persiste o estancamento e a continua caída do peso relativo da súa poboación no total estatal. Egerique destacou na presentación que, entre o un de xaneiro de 2006 e o de 2007, a poboación empadroada en Galicia medrou tan só un 0,1% (o crecemento foi do 0,9% no conxunto do Estado), o que implicou un descenso da súa importancia relativa ata o 6,14% do total español (6,65% en 2001).

O incremento da poboación corresponde ao aumento de estranxeiros, aínda que a poboación foránea tan só representa o 2,9% dos habitantes totais de Galicia (sete puntos porcentuais menos

que en España). A poboación estranxeira empadroada en Galicia é tan só o 1,8% do total de inmigrantes residentes en España.

O CES salienta tamén nas súas consideración o aumento dos desequilibrios territoriais, coa caída da poboación no interior e na Galicia rural (concellos con menos de 10.000 habitantes).

Outro aspecto a destacar é a persistencia de fortes movementos migratorios, que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. No último ano medrou o saldo migratorio positivo para Galicia (16.845 migracións), resultado tanto do saldo positivo co estranxeiro coma polo saldo positivo, por primeira vez dende o ano 2000, co resto das comunidades autónomas españolas.

No que ao mercado laboral se refire, cómpre salientar o comportamento positivo rexistrado no mercado laboral galego, dado que se rexistra unha medra tanto do número de afiliacións á Seguridade Social como o de persoas ocupadas, e unha caída non só da poboación parada estimada pola EPA senón tamén a rexistrada nas oficinas de emprego.

### ***Optimismo matizado***

Con todo, o CES matiza este optimismo porque lembra que persiste a dificultade da economía galega de crear emprego en comparación co conxunto do Estado. Galicia, cun incremento do PIB real dúas décimas por riba do rexistrado en España, tivo un incremento do número de afiliacións á Seguridade Social e da poboación ocupada inferiores á media española. Tendo en conta que a creación de emprego baseouse no carácter asalariado, o CES considera negativo que este incremento non fora asociado a unha caída da elevada taxa de temporalidade.

O CES opina que existe unha importante segmentación do mercado de traballo. A xente de nova incorporación ao mundo laboral non só ten salarios máis baixos senón que sofre unha maior temporalidade. En termos relativos, os máis prexudicados son os máis novos (menores de 35 anos), que presentan unha taxa de temporalidade superior ao 51%. Asemade, os menores de trinta anos asinaron o 36,5% dos contratos indefinidos (41,5% no conxunto do Estado) e o 51% dos contratos de duración temporal (49,1% en España).

### ***Aspectos sociais***

A memoria anual do Consello adica tamén a súa atención aos aspectos sociais da realidade galega. Entre outros aspectos, o presidente do CES fixo referencia aos servizos de atención ás persoas maiores dependentes, que calificou como escasos. Galicia, con máis do 8% da poboación española maior de 65 anos (o 9% se consideramos só maiores de 85 anos), so significa o 4,6% do gasto español neste eido. En opinión do CES, cómpre incrementar os recursos para mellorar todos os servizos de atención a estas persoas e o baixo índice de cobertura.

De catástrofe medioambiental califica o CES a vaga de incendios forestais que asolou, principalmente, ás Rías Baixas e á costa coruñesa entre o 4 e o 15 de agosto de 2006. Aínda que so lumes son un problema recorrente en Galicia, ese verán foi especialmente negativo. Segundo os datos da Consellería de Medio Rural, a superficie forestal queimada neste último ano ascendeu a 95.945,4 hectáreas (38.442,6 máis que no ano anterior), das que o 32,4% corresponde tan só a dez concellos. Ademais, cómpre salientar que esta situación se veu agravada polas riadas acontecidas posteriormente en Galicia.

Noutros aspectos da vida cotiá, destácase que ao longo do ano 2006 volven a empeorar as posibilidades de acceso a unha vivenda en propiedade, ao encarecerse tanto os tipos de xuro dos préstamos hipotecarios como o prezo medio da vivenda. Este encarecemento provocou que unha familia media perceptora dun só salario dedique ao pago das cotas da hipoteca o 44,6% dos seus ingresos brutos (52,7% de media en España), cando no ano anterior esta porcentaxe se situaba no 36,3% (44,6%).

### ***Recomendacións***

Como organismo consultivo da Xunta, o Consello fai algunhas consideracións sobre distintas medidas ou políticas a aplicar para mellorar as condicións socioeconómicas da sociedade galega. Estas consideracións consensuadas entre todos os representantes de entidades, institucións ou organizacións do Pleno son o principal elemento diferenciador dos traballos do CES. Entre outras, o presidente salientou a necesidade de arbitrar urxentemente medidas destinadas á revitalización demográfica, facendo fincapé tanto nas dirixidas a incrementar a natalidade e a mellorar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal, como nas actuacións específicas para aumentar e fixar a poboación.

O CES insiste na necesidade de definir un modelo adecuado de desenvolvemento que permita a converxencia activa coa media española e europea. Neste senso, cómpre potenciar as actividades de alto valor engadido e fomentar a competitividade e a xeración de novo coñecemento naquelas outras tecnoloxicamente maduras nas que Galicia xa conta cunha vantaxe comparativa. Asemade, o goberno galego debe velar porque o crecemento sexa compatible co emprego estable e co reparto equilibrado da renda.

En opinión do CES, hai que reiterar que o ritmo de xeración do emprego non é suficiente e que aumentalo ha de ser un obxectivo prioritario que só se acadará cun maior dinamismo económico.

O Consello reitera a necesidade de facer da política contra incendios forestais e de defensa do monte unha política de Estado. Esta política tería de estar necesariamente consensuada por todos os axentes sociais.

Dado o elevado déficit de Galicia en materia de infraestruturas, considérase fundamental a racionalización do gasto e a creación dun sistema que permita definir a gradación en importancia dos recursos en infraestruturas e equipamentos necesarios, reiterando a esixencia dunha maior concreción e cumprimento, en canto a prazos, de execución das infraestruturas que afectan a Galicia. En opinión do CES, é necesario un especial esforzo investidor por parte do Estado.

O CES considera urxente mellorar a eficiencia e a eficacia das políticas de I+D públicas sobre a base de dúas liñas de actuación: reformular os incentivos dos investigadores asociados a centros públicos e mellorar a coordinación dos distintos departamentos da Xunta de Galicia responsables do gasto en I+D.

Un último aspecto destacado, que coma outras xa fora recollido nun recente informe do Consello elaborado a iniciativa propia, foi que é absolutamente imprescindible estender a preocupación na administración pola avaliación das políticas e servizos públicos. Neste senso, é necesario deseñar mecanismos de seguimento e control tanto para avaliar se os cartos públicos se están empregando fielmente de acordo cos programas aos que están vinculados, como para determinar se o esforzo financeiro pagou a pena. Todos os programas deben medirse á luz deste esforzo avaliador e reformarse consecuentemente.